

NUESTRA TIERRA

Lucrecia Martel, 2025

1799

ESTREA EN NUMAX: 31.07.2026 | V.O. | 122 min

En 2009, un home e dous cómplices tentan desalojar os membros da comunidade indíxena Chuschagasta, no norte de Arxentina. Reclamando a propiedade da terra e armados con pistolas, matan o líder da comunidade, Javier Chocobar. O asasino queda gravado en vídeo. Tras nove anos de protestas, en 2018 ábrese finalmente o proceso xudicial. Durante todo este tempo, os asasinos seguen libres. O filme combina as voces e fotografías da comunidade con imaxes dos tribunais que exploran a longa historia de colonialismo e despoamento de terras que conduciron a este crime.

O pase do venres 31 de xullo terá presentación da escritora Brigitte Vasallo.

«Unha convincente historia real do expolio indíxena e o borrado cultural que podería estar ambientada en centos de países»

Phil de Semlyen, TIME OUT



Entrevista con Lucrecia Martel: «O dispositivo da película trata de desentrañar a gran mentira da cultura branca latinoamericana»

Por Alonso Díaz de la Vega

Tes dito moi enfaticamente que *Nuestra tierra* non é unha película indíxena.

Porque me parece que esa adscripción debese ser cando a autoría é das comunidades ou dalgunha persoa pertencente a unha comunidade. E non é así. E ademais porque o dispositivo da película o que narra, o que vai construíndo, ou tratando de desentrañar, é en realidade a gran mentira da cultura branca latinoamericana. Chamémola branca, por poñerlle algún nome, pero da cultura dominante latinoamericana. Cales son as patrañas para desposuír as comunidades de territorio, para mitigar a posibilidade de xustiza? É iso. Como nós fixemos un taller de cinema, hai moitas imaxes na película que gravou a xente moza da comunidade, pero se non participaron do proceso de edición, non podemos dicir que é unha película indíxena.

Chámame a atención, dentro do estilo da película, algo que se corresponde co resto da túa filmografía: non hai unha intrusión autoral. É dicir, non é como o cine á Werner Herzog de narrar, participar, aparecer no cadro. Que me encanta!

Pero ti buscas, creo, desaparecer un pouco. Non, non sei se desaparecer, porque me parece que é evidente que a montaxe non é unha cousa invisible na película, que a banda sonora é elaborada. Ou polo menos, talvez, non desexo aparecer coa miña voz ou cunha voz en off ou cun texto, pero a presenza do director nunha película é indubidable, sempre, en cada decisión, en cada cousa, na orde narrativa.

Algo que me gusta moito da película é que hai estes momentos nos que se humaniza a certos personaxes a partir de fotografías. Fíxoseme interesante utilizar o arquivo para darlles vida. Como concibiches isto? É que hai cousas que non tes forma de contar ou nas que talvez a fotografía é o mellor xeito de compartir co espectador algunha experiencia de vida. E como, por sorte, tivemos a fortuna de que varias persoas da comunidade nos relataran cada foto... a foto xa non é só esa imaxe, senón que é a evocación que fai a persoa dunha chea de cousas, de tal modo que a voz perfora a imaxe e vana transformando noutra cousa. Ou non noutra cousa, senón en algo moito máis que esa imaxe. E ademais, a iso nós sumámoslle o espazo sonoro de onde está a persoa, que conta máis o espazo sonoro de ciencia ficción — porque non existe— da fotografía onde usamos moitos materiais que estaban nas tarxetas de teléfonos que os comuneiños compartiron connosco. E algunhas outras que producimos. Entón todo ese conxunto de cousas fai que a fotografía... e o feito de que non ves o marco da fotografía, ou sexa, non ves a fotografía como obxecto de papel, senón que abarca todo o espazo cinematográfico, digamos, da pantalla. E todas esas cousas desnaturalizan a fotografía e vana transformando noutra cousa. Ese é o desexo que comprobamos que funciona.

E en contraste, paréceme tamén interesante ver que estes personaxes da orde arxentina branca se constrúense a partir de certas declaracións. Acórdome moito da escena na que unha avogada fala de que a túa película é un circo. Pareceume interesante que concibise un documental de Lucrecia Martel como un espectáculo. Pero esas persoas non saben quen son eu nin ten ningunha importancia que o saiban. O que eu penso é que o que esa avogada tiña era talvez medo. Era nunha especie de *reality* ou algo así e tiña medo, non sei, ou talvez simplemente lle molestaba que estivésemos aí, pero tampouco insistiu moito niso despois. E a xuíza foi moi contundente. Era un xuízo oral e público.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Un destino común,
Lucrecia Martel.
Caja Negra